

INSTRUCCIÓN DA VICERREITORÍA DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO DO 8 DE FEBREIRO DE 2021, SOBRE EXERCICIO DA ACTIVIDADE DOCENTE EN CONDICIÓNS DE NON PRESENCIALIDADE

O Consello de Goberno da Universidade de Vigo, na súa sesión extraordinaria de 12 de xuño de 2020 aprobou as medidas extraordinarias e urxentes para o desenvolvemento da organización docente no curso 20/21 en caso de crise sanitaria, nas que se contemplan tres posibles modalidades de docencia durante o presente curso en función da evolución da pandemia da Covid19.

Nestas medidas indícase que “a actividade docente exclusivamente presencial poderá, de xeito extraordinario e temporal, verse modificada coa finalidade de garantir a saúde ou a seguridade públicas, dando lugar así a unha modalidade mixta, e incluso verse substituída por un modelo de actividade docente non presencial”. Así, dada a situación sanitaria, por Resolución Reitoral de 17 de xuño de 2020 decretouse que o comezo do curso 2020/21 faríase na modalidade mixta, se ben os centros foron quen de organizar a docencia dalgunhas titulación en modalidade totalmente presencial, posibilidade prevista na citada resolución.

Aínda que foi posible rematar o primeiro cuatrimestre do curso 2020/21 neste escenario, a evolución da pandemia fixo que as autoridades sanitarias decretaran o inicio da docencia do segundo cuatrimestre en modalidade exclusivamente non presencial, o que na Universidade de Vigo se fixo mediante Resolución Reitoral de 27 de xaneiro de 2021.

A Universidade de Vigo preparouse adecuadamente para esta eventualidade pero, chegado o momento da activación desta modalidade, faise necesario realizar algunha consideración adicional ao xa decretado respecto á impartición de docencia en modalidade non presencial, polo que esta vicerreitoría resolve ditar a seguinte

INSTRUCCIÓN

Primeiro.- As actividades docentes que se teñan que desenvolver telemáticamente realizaranse, con carácter xeral, nos espazos virtuais que os centros determinen, e seguindo o horario aprobado por estes.



Segundo.- Sempre e cando se cumpra o indicado no punto anterior, o profesorado non terá obriga de gravar as súas clases.

Terceiro.- No caso de que unha actividade docente teña que desenvolverse telemáticamente, o profesorado non está obrigado a impartila desde a dependencia física (aula, laboratorio, seminario, ...) na que estaba programada presencialmente, senón que poderá facelo desde o lugar no que dispoña dos medios máis axeitados para impartila en formato non presencial, sempre dentro dun marco de traballo responsable e seguro.

Cuarto.- O profesorado que imparta docencia en varios campus e opte por non desprazarse a un campus distinto daquel ao que estea adscrito o seu posto para impartir docencia en modalidade non presencial, non terá dereito ás compensacións correspondentes aos desprazamentos intercampus.

Quinto.- O ditado na presente instrución abranguerá o segundo cuatrimestre do curso 2020/21, sen prexuízo de posteriores instrucións o resolucións que poidan ditarse en función da evolución da pandemia e das medidas adoptadas polas autoridades sanitarias.

O vicerreitor de ordenación académica e profesorado,
(documento asinado dixitalmente)

